

COMPOSTELLANUM

REVISTA DE LA ARCHIDIÓCESIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



VOLUMEN LXVIII

NÚMEROS 1-2

Santiago de Compostela

2023

Enero-Junio

permiso de S.A.S podrían proporcionar edificio que reuniese hasta el número de doce.

Todo lo que comunico a V.E. para que se sirva elevarlo a la superior consideración de S.A.S.

Dios guarde a V.E. muchos años. Oviedo y enero 26 de 1814.

Jacinto Tadeo Montes.

Excmo. Sr. D. Manuel García Herreros.

6

Carta del intendente de Asturias D. Pedro Collingh de Salazar al Secretario del Despacho Universal de Gracia y Justicia sobre que no hay ningún convento ni monasterio suprimido en Asturias, sino todos ocupados por sus respectivas comunidades. Oviedo 5 de marzo de 1814. AHN, Consejos, Leg. 12027. Original.

Excmo. Sr.: Para cumplir con los decretos de las Cortes de 18 de febrero y 26 de agosto de 1813 sobre restablecimiento de combentos, he practicado las diligencias combenientes de acuerdo con los Gefes Provinciales de estas oficinas y fiscal de rentas, y aun con el Gefe Político, y en su conseqüencia, en 20 de noviembre del propio año manifesté a S. A. el Consejo de Regencia por mano del Excmo. Sr. Secretario de Estado y del Despacho Universal de Hacienda quanto tuve por justo al mejor desempeño de esta comisión, según por menor se contiene en la copia núm. 1.º a que acompañó la nota núm. 2.º. En su vista, se ha servido S. A. en 11 de diziembre siguiente prevenirme, quedaba enterada de que en esta Provincia no existe combento alguno suprimido por el Gobierno intruso, y que todos se hallan ocupados por sus respectivas comunidades, y para mi inteligencia se me comunicó la orden conducente para el mismo Ministerio de Hacienda, de que es copia la que acompaña núm. 3.

Por uno y otro vendrá V.E. a conocimiento de que S. A. el Consejo de Regencia está satisfecho de que en esta Provincia se ha cumplido con quanto se ha prevenido sobre este asunto, y que como tal, lo tiene declarado.

Siendo quanto puedo manifestara a V.E. por contestación de la orden circular que se sirve comunicarme con fecha de 23 de febrero último.

Dios guarde a V. E. muchos años. Oviedo 5 de marzo de 1814. Excmo. Sr. Pedro Collingh de Salazar. Excmo. Sr. Secretario del Despacho Universal de Gracia y Justicia.

Francisco Brandariz Caamaño e a tenteante busca das propias raíces culturais galegas

Manuel CABADA CASTRO

RESUMEN: Se presenta aquí, utilizando también documentación inédita, la figura del jesuita gallego Francisco Brandariz Caamaño (1912-1999) en su toma de conciencia de la conflictiva relación de la cultura gallega con la española en la que aquella está inmersa y en los ámbitos diversos en los que él desarrolló su vida y actividad tanto religiosa como docente y educativa.

PALABRAS CLAVE: F. Brandariz Caamaño, conflicto cultural, gallego, español

ABSTRACT: The figure of the Galician Jesuit Francisco Brandariz Caamaño (1912-1999) is presented here, also using unpublished documentation, in his awareness of the conflictive relationship of Galician culture with the Spanish culture in which it is immersed and in the different areas in which he developed his life and activity, both religious and teaching and educational.

KEYWORDS: F. Brandariz Caamaño, cultural conflict, galician, spanish.

F. Brandariz (1912-1999), o crego xesuíta, creador e durante moitos anos configurador e guieiro do Colexio Maior «San Agustín» de Santiago, foi no seu tempo unha personalidade suficientemente coñecida e valorada, aínda que tamén dende certos ámbitos discutida.

Editouse pouco despois do seu pasamento unha obra que leva como título *Memorias de un Jesuita Gallego. Francisco Brandariz Caamaño, SJ* (León, Compañía de Jesús Provincia de Castilla, 2001), na que tralo propio relato de Brandariz sobre a súa obra —que constitúe a meirande parte do escrito— hai aínda outras achegas de diversos colaboradores. O que seguidamente intento aquí presentar é, desde o punto de vista da súa relación ideolóxica co que dun xeito algo xeral podemos denominar galeguismo, como se foi desenvolvendo esta relación ó longo da súa vida, mais tendo en conta non só estas *Memorias* senón outra diversa documentación pertinente, que seguramente contribuirá a un mellor coñecemento da temática.

Pois ben, así como o seu futuro Colexio Maior de Santiago sería en realidade nos comezos algo así como unha prolongación, a nivel xa de estudos universitarios, do modo de residir e vivir os estudantes que remataban os seus estudos no Colexio dos xesuítas de Vigo, fora Brandariz tamén previamente alumno, aínda que só durante un curso (1926-27), do mesmo colexio, por máis que este tivera daquela como primeira sede en Vigo o antigo edificio de «La Molinera». Era por entón o futuro xesuíta un rapaz con só catorce anos (*Memorias...*, 19). Como concreta mostra dunha certa relación súa xa por entón coa temática literaria e real de Galicia, velaquí unha breve información coa que casualmente me atopei ó ler no xornal «El Pueblo Gallego», n.º 872 (venres, 19.XI.1926), p. 6, baixo o rótulo «En el Colegio de los PP. Jesuitas» o seguinte: «El próximo domingo [...] carácter gallego de fiesta [...] 'Poesía trovadoresca de Galicia', D. Francisco Brandariz...».

Esta curta alusión do xornal vigués a Brandariz puiden logo ampliála grazas ó seguinte texto dunha carta (existente no «Fondo Brandariz» do «Arquivo Histórico da Compañía de Xesús en Galicia» do Colexio de Vigo) escrita nesas mesmas datas por Brandariz á súa madriña Corona Caamaño de Escudero sobre os actos colexiais:

«Mañana se celebra en este Colegio una solemnidad de las más importantes del curso: la proclamación solemne de las dignidades y distribución de premios, acto [...] en el que a guisa de concertación literaria se recitan poesías o discurso; el de este año sobre la poesía trovadoresca en Galicia. Lo leeré yo. Fue hecho por un Padre y no por mí por falta

de tiempo, pues el tema, además de ser de fácil disertación, es muy interesante y tenía a mi disposición libros que podrían ilustrar. Pienso en vacaciones hacerlo por mi cuenta [...] En aprovechamiento obtuve el Primer Premio de la clase de Historia de la Literatura y en Latin y Ética el segundo premio [...] Después de esto se declamaron poesías, la una de asunto alemán medioeval y la otra en que el poeta siente en el ruido de los ejes de los carros de bueyes la lira nostálgica que a falta de otras canta las glorias y tristezas de nuestra tierra. Lo de siempre. ¡La redención de Galicia! ya tan gastada en discursos y poesías y harto poco aplicada a la realidad».

Mais as primeiras e fundamentantes vivencias dun rapaz nado en Cee irán axiña atoparse co freo dunha podente transformación cultural ó ingresar con só quince anos, en setembro de 1927, como novizo xesuíta en Salamanca, en terras castelás.

Engádesse a isto, o feito da proclamación da República só poucos anos despois, no ano 1931, ficando legalmente disolvida no ano seguinte a Compañía de Xesús en todo o territorio español. Brandariz xunto cos seus compañeiros veranse forzados a continuar a súa formación e estudos fóra de España.

Tralo comezo da guerra civil e cando xa se fixera posíbel a súa volta a territorio «nacional», Brandariz terá que se incorporar ó exército e farao como axudante do capelán (tamén xesuíta) na fronte de Guadalaxara (*Memorias...*, 147).

É moi posíbel que o seu «españolismo», por matizado que el sexa (segundo cara ó final deste escrito se verá), afincara nel debido tanto á persoal e dolorosa experiencia republicana coma ó mencionado e posterior compromiso fáctico, por relixioso ou espiritual que en principio este deba ser considerado, na fronte de Guadalaxara.

Neste sentido e pasados os anos, Brandariz terá, por exemplo, ocasión no mes de agosto de 1960, de asistir en canto dedicado xa ó apostolado universitario e como representante da FECUM na Asemblea Internacional de Pax Romana-MIEC en Lisboa. Na carta que á súa volta a España lle dirixe ó seu Provincial relixioso, o zamorano José Cobreros, con data do 27 de agosto de 1960 comentando a súa estancia alí pódense ler estes significativos parágrafos:

«Procuré intimar, y creo lo logré, lo más posible con los 'latinos', aunque el fantasma del régimen franquista y el entusiasmo por la democracia, convertida casi en dogma católico, sigue creando prevenciones contra

los españoles. Si hubiera querido adquirir una rápida y cordial popularidad en la Asamblea, me bastaba haber hablado mal de Franco y presentarme como víctima del régimen. Me refiero sobre todo a italianos, franceses y casi todos los hispanoamericanos. Algo de esto le indiqué a nuestro Embajador en la entrevista que tuve con él, pero sin recalcar tintas, para evitar prevenciones oficiales contra Pax Romana».

Por certo, e en relación co aquí aludido Provincial zamorano, cómpre indicar de paso que xa este non semellaba, alomenos por eses anos, amosar especial entusiasmo por unha presenza proporcionada, efectiva e real, da Compañía de Xesús en Galicia e polo coñecemento da súa concreta particularidade e cultura. Así polo menos parece desprenderse da súa «Relación enviada a Roma en julio de 1959», centrada sobre todo nos problemas que afectaban o colexio xesuítico da Guarda (hoxe en ruína). En calquera caso, o mencionado Provincial era consciente de que «efectivamente dentro del territorio de nuestra Provincia, Galicia supone una extensión muy grande, donde el cultivo de las vocaciones está realmente muy abandonado y donde tenemos muy pocas casas». Porén, pese a tal recoñecemento, formulará el nesa carta a súa proposta de cerrar a casa da Guarda, trasladando o alumnado a algún edificio do colexio vigués e comentando seguidamente:

«Supongo que a los de La Guardia y a los gallegos en general les costará esto como ha sucedido cuando se ha cerrado alguna otra casa [...] Además ya sabe VR que *en Galicia hay un poco de espíritu de raza* [as cursivas son miñas] como si dijéramos, y ellos se quejan no sin razón, que allí la Compañía tiene muy pocas casas y que no hacemos más que cerrar las existentes. Por eso digo que seguramente se quejarán más de uno y más de dos en este sentido».

Seguramente o que aquí se di a modo de crítica sobre o «espírito de raza» dos galegos era algo moito máis sinxelo. Trataríase simplemente do aprecio comunal da lingua e cultura propias que calquera país normalmente constituído ten ou debería ter respecto de si mesmo, sobre todo ante o perigo ou as ameazas de seren paseniñamente substituídas por outras alleas ou foráneas. Neste sentido non deixan de ser sorprendentes e curiosas as reflexións que o mesmo Cobreros formulará só un par de anos máis tarde no seu escrito ó Superior Xeral da Compañía de Xesús, Jean-Baptiste Janssens do 13 de marzo de 1962. O Provincial Cobreros apoiará agora decididamente neste seu escrito a creación dunha «Residencia» xesuítica en Vigo por diversas razóns (sete en total).

A sexta (e penúltima) terá que ver directamente coa lingua galega. Tradúzoa do texto latino orixinal: «A rexión galaica, na que a Compañía ten traballado de maneira menos estábel, recibiría gustosamente esta nosa obra. É unha rexión sa, afin na lingua ás Provincias brasileiras, na que poden ser promovidas vocacións para a nosa Viceprovincia»... Esta Viceprovincia xesuítica brasileira, denominada Goiano-mineira, levaba por entón efectivamente unha década dependendo da denominada Provincia de León (na que, como xa sabemos, estaba incluída Galicia). Pois ben, coido que non será excesivamente malicioso sospeitar que para o redactor deste escrito a lingua galega semella, si, ser cousa boa pra ser utilizada (con leves e oportunos retoques) na Viceprovincia brasileira, mais non tanto quizais pra selo no propio país orixinario da mesma, é dicir, Galicia... Pois pra iso temos xa o castelán...

Continuemos, porén, coa análise do proceso que vai levando paseniñamente Brandariz a acadar unha conciencia máis directa da necesidade do uso e dignificación de Galicia e da propia lingua pese ás evidentes resistencias de orde político e social que o arrodean. Nun seu pequeno diario manuscrito do curso 1962/63 (daquela o centro estudantil universitario dirixido por Brandariz levaba aínda o nome de «Residencia de San Agustín»; pasaría a ser «Colexio Maior» xa no curso seguinte, o 24 de xullo de 1964) anota o seguinte:

«7 de maio 63: Visita de Fontenla de Pontevedra y Do Canto, de Cariño, que proponen un plan de colaboración eclesiástica para el 17, día de las Letras Gallegas. Desean una misa con predicación en gallego; quieren invitar al Cardenal o al obispo auxiliar (al comunicárselo telefónicamente a D. Camilo me entero que ni el Cardenal ni el obispo estarán en Santiago por concurrir con los demás obispos de España a una reunión preconiliar). Les sugiero algunos otros nombres: D. Manuel García, Guerra Campos, Ferro Couselo. Se quejan de que la Iglesia no predique en gallego (¡no lo tiene que pedir el pueblo!). Toda la conversación se tiene en gallego. Ellos con más soltura que yo».

E no mesmo diario, no día seguinte (17 de maio) pódese ler en relación co mesmo:

«Asisto, llegando tarde, a parte del acto dedicado a Rosalía en el 1.º Día de las Letras Gallegas. Me admira la eficacia de los estudiantes organizadores y veo posibilidades conectando con ellos, para organizar el curso próximo algo permanente en casa».

Brandariz empezará así a ser interpelado pola realidade social e cultural na que nacera e na que agora volve residir de maneira máis estábel. Iso fará que el vaia adoptando actitudes que —pese á forza e á inercia das longas vivencias por el experimentadas en contextos culturais foráneos ou alleos— tenderán a ser algo máis coherentes coas propias orixes. Mais a realidade que o rodea tampouco é ela mesma uniforme. A veciñanza e proximidade física, por exemplo, con algúns dos compañeiros da Residencia compostelá con modos máis tradicionais ou «dogmáticos» de pensar e de actuar contribuíron a frear algunhas das súas iniciativas. Brandariz chega neste sentido a referirse nalgún dos seus apuntes privados a algún deles (de orixe galega), considerándoo criticamente como «muy castellanizado».

Un momento importante da época na que Brandariz dirixía o xa oficial «Colexio Maior» sería a convite cursado ó gran político galeguista, escritor etc. Ramón Otero Pedrayo para unha conferencia a impartir o sábado día 13 de febreiro de 1965 no mencionado Colexio Maior, co gallo da celebración da Primeira Semana Colexial (do 7 ó 14 de febreiro de 1965). O programa de actos do último dos sete días programados reza así: «Día 13, sábado. 7,30: Sesión extraordinaria del ciclo artístico-recreativo *Tardes de Sábado*. ROMERÍA ENXEBRE. Danzas y canciones gallegas por el Orfeón del Colegio. GALICIA NAS FESTAS. Charla por el Prof. D. RAMÓN OTERO PEDRAYO. 11,15: 'Queimada' Colegial».

Quizais para atenuar nalgunha medida o posíbel impacto político da presenza e intervención de Otero Pedrayo figurarán no mesmo programa de actos en días previos (días 10 e 11 do mes citado) unha conferencia e posterior coloquio sobre circulación cardio-vascular do Marqués de Villaverde, Cristóbal Martínez Bordiu... De feito, no seu «A modo de introducción» ás *Memorias...* de Brandariz, comentará E. Rivera Vázquez sobre a programación por parte de Brandariz da intervención dun tan sobresaínte político galeguista coma Otero Pedrayo no seu Colexio Maior o seguinte: «La aventura pudo costarle cara, pero el riesgo lo vio de sobra compensado por la reacción unánimemente positiva de los colegiales» (p. 10).

Nas «Noticias Mensuales. Provincia de León» (febreiro 1965), p. 14-15 pódese ler aínda o seguinte comentario sobre o desenvolvemento do encontro dos residentes no Colexio Maior con Otero Pedrayo:

«El acto más notable de la Semana fue la *Tarde de sábado*, o convivencia universitaria, toda ella de carácter 'enxebre', que sirvió de marco

a la maravillosa intervención del Patriarca de las Letras Gallegas, D. Ramón Otero Pedrayo. El coro folklórico del Colegio, gracias a los esfuerzos del P. Arregui, logró una presentación polifónica verdaderamente digna, y coros de chicos chicas realizaron varias danzas regionales muy selectas. Don Ramón habló en un gallego cadencioso y elocuente que arrebató a todos sobre un tema tan sugerente como el de 'Galicia nas festas'. Puso fin a este magnífico día una cena típica con la clásica 'queimada'. A la luz de las llamas de las tres enormes cazuelas, de nuevo Don Ramón —esta vez improvisándolo— glosó oratoria y poéticamente el significado de la noche y del fuego en las tradiciones populares de la región».

Na anónima necrolóxica (escrita en realidade, polo que parece, por José M.^a Díaz de Rábago) das «Noticias Mensuales. Provincia de León» (setembro/outubro 1999) comentárase que a conferencia de Otero Pedrayo foi «posiblemente de las primeras conferencias en gallego tenidas en un recinto universitario».

Cómpre en calquera caso aducir aínda o que o propio Brandariz lembra nas súas *Memorias...* ó respecto:

«Esta 'Tarde de Sábado' iba a ser muy especial. A la vez festiva y seria y, en el ambiente de entonces hasta discretamente provocativa. Hubo canciones impactantes y danzas populares gallegas y ritos ancestrales, pero lo más importante fue la Conferencia en el Aula Magna de un veterano intelectual, símbolo entonces de la Cultura Gallega en España, D. Ramón Otero Pedrayo. En su cadencioso gallego, culto y popular, habló de 'Galicia nas festas' ante un salón abarrotado que aplaudió con entusiasmo. Como sobremesa última de la cena colegial improvisó una maravillosa charla, al resplandor de las queimadas, sobre el significado de 'A noite e o fogo nas festas galegas' que de manera espontánea hizo surgir en todos un emocionado 'Que din os rumorosos na costa verdecente'...» (*Memorias...*, 118).

Digna de se ter en conta é sen dúbida tamén a «intencionalidade», digamos reivindicadora ou «galeguista», que o propio Brandariz lembra ter posuído cando estaba a programar o encontro dos estudantes do seu Colexio Maior co gran galeguista ourensán. Así nolo explica:

«Los residentes augustinianos procedían casi en su totalidad de ambiente castellano-parlante. El gallego, sin embargo, era familiar. Lo entendían. Lo habían oído desde su infancia pero siempre a distancia.

Al Colegio de San Agustín llegaba a diario la sonoridad casi musical del gallego popular de nuestro vecino mercado donde todo se vendía en gallego. Pero también a cierta distancia. El gallego no pasaba de la calle, no entraba en el ambiente residencial. Ningún residente había oído a un intelectual prestigioso en ambiente universitario una seria conferencia en gallego culto. Y esta había sido la intencionalidad del Director: ofrecerles la ocasión de presenciar en correcto idioma gallego, con la intimidad de lo popular y la solemnidad de lo académico, un acto de esa cultura gallega que a ellos se les había ocultado. Un examen para comprobar cuánta galleguidad quedaba en *una generación educada en total silencio galaico*. Al Director le quedaban serias dudas sobre cómo reaccionarían: ¿Extrañeza? ¿Indiferencia? ¿Curiosidad? ¿Entusiasmo? Y esta fue la gran sorpresa. El entusiasmo espontáneo y unánime con que reaccionaron, fruto de una *sensibilidad gallega oculta pero profunda*. Gran estímulo para que el Director tratara de *cubrir en lo posible los vacíos culturales e históricos de una generación que amaba y sentía Galicia sin conocerla a fondo* (*Memorias...*, 119. As cursivas son miñas).

Brandariz intentou así un certo modo de promoción da cultura galega no ámbito universitario, mais sen poder (nin o pretender) saír do espazo envolvente dun réxime autoritario asentado en España desde había décadas, a ditadura franquista.

É así como en relación con este tipo de encontros e actividades foron xurdindo no Colexio Maior, aquí e alá, diversas iniciativas como a aparición de algo similar a unha sinxela revista como a publicación que levaba como título «Lonxe» (ver *Memorias...*, p. 119-120). Tal como se comenta nas «Noticias Mensuales. Provincia de León», febreiro 1965, p. 15, estaba «compuesta y editada por los propios colegiales». O seu primeiro número saía xa durante a mencionada Primeira Semana Colexial do 7 ó 14 de febreiro de 1965. Nunha comunicación posterior interna en relación con «Lonxe» (correspondente ó curso 1966-67) pódese ler, por exemplo, o seguinte: «La Redacción de la Revista invita a todos los colegiales a colaborar con: Artículos, Narraciones breves, Poesía, Notas humorísticas [...] Tema libre. Castellano o gallego».

O 17 de abril de 1966 terá tamén lugar en Madrid un concurso musical dun Coro Mixto Universitario, composto conxuntamente por estudantes do Colexio Maior «San Agustín» e tamén do Colexio Maior «El Pilar», no que fóra de concurso representarán musicalmente tamén na capital de España —segundo se refire nas crónicas correspondentes— «Lonxe da Terriña», «Unha noite na eira do trigo» e «Os pinos» de Veiga.

O sábado 22 de abril de 1967 o Colexio Maior celebrará as súas Festas Colexiais cunha «Romería Gallega», na que enmarcadas polas frases «Que din os rumorosos...», ó comezo, e «...Desperta do teu sono!», ó final, do himno galego se fala de «muiñeiras», «Racha dos potes», «Moza da Festa», «Carballesas e patelas», etc. A clausura das Festas Colexiais sería no día seguinte, domingo, acadando Brandariz nese día protagonismo especial en relación co emprego da lingua galega no acto eucarístico celebrado, tal como quedou recollido no «Correo Gallego» do martes, 25 de abril, deste xeito: «El domingo tuvo lugar la clausura de las Fiestas Colegiales 1967 en el Colegio Mayor 'San Agustín'. En la Capilla de dicho Mayor, completamente abarrotada de colegiales e invitados se celebró a las 12'30 la Misa Colegial, seguida en lengua gallega por todos los concurrentes, que participaron en las lecciones bíblicas también en gallego. Pronunció la homilía, emotiva y elocuente, en correcto gallego, el R. P. Francisco Brandariz, S. J.».

Cómpre, a este respecto, ter en conta que a aprobación romana da liturxia en galego tardaría aínda case dous anos en producirse (o día 7 de xaneiro de 1969).

Porén, a nivel social e sobre todo universitario o descontento e as protestas en relación coa situación política acadarían unha notoriedade especial a partir sobre todo do ano seguinte, 1968. Todo isto repercutirá loxicamente na situación interna do Colexio Maior, nos universitarios nel residentes e tamén nos responsábeis máis ou menos inmediatos. No texto dun escrito, con data do 2 de abril de 1968, dun membro da veciña Residencia xesuítica dirixido (desde Boal, Asturias) a título de información e denuncia ó seu Provincial xesuíta pódese ler ó respecto o seguinte:

«Vengo escandalizado del relajo que se permite en la Compañía de Jesús. Anteayer, domingo, en nuestra iglesia de San Agustín de Santiago, en vez de la homilía sagrada, en las Misas de doce y una, se leyó un escrito después del Evangelio, que dice ser el sentir de unos sacerdotes, sobre la huelga de estudiantes, disturbios, represión violenta de los agentes de Orden Público, autoridades gubernativas y autoridades académicas (que todas se mencionaron), rezumando sabía política de subversión; sin mencionar las contradicciones; desenfoco del problema; extorsión de documentos pontificios con que se pretendía justificar el fin de los disturbios estudiantiles, etc. etc.».

Alúdese seguidamente no texto ó «disgusto del público, defraudado, que ve la cátedra de la Palabra de Dios convertida en tribuna demagógica de ingrato fin».

Entre a documentación relacionada con Brandariz que se conserva no mencionado «Fondo Brandariz» do «Arquivo Histórico da Compañía de Xesús en Galicia» do Colexio de Vigo hai, en relación cos acontecementos deste ano 1968, un curto escrito mecanografiado no que se le textualmente:

«Chegou xa o momento de que GALICIA manifieste publicamente a súa vontade de autodeterminación política. Sometido ao totalitarismo burgués de Madrid, o pobo galego reclama a súa liberación definitiva. Esta liberación nacional supón a destrución do capitalismo; o triunfo sobre o imperialismo; a ocupación do poder por parte das masas traballadoras; a toma de Hespaña burguesa; o establecemento do socialismo; a desalienación do home; a recuperación da Patria asoballada e colonizada. Loitemos por estes fins sumándose a CONCENTRACIÓN QUE TERÁ LUGAR O 25 DE XULLO AS DOCE HORAS FRENTE O OBRA DOIRO de Santiago de Compostela. Difunde iste chamamento, ista consigna CNC (CONCENTRACIÓN NACIONAL DE COMPOSTELA). Viva GALICIA CEIBE E SOCIALISTA. U P G. UNION POBO GALEGO. Compostela mayo 1968».

Meses máis tarde, o 6 de setembro do mesmo ano, o mesmo informante anterior (de orixe asturiana) volverá dirixirse, agora desde a parroquia estradense de Santa Cristina de Vinseiro (A Estrada), onde estaba a actuar neses días como misionero popular, ó mesmo Provincial, intentando agora poñelo especialmente en garda contra o uso do galego ante o rumor de que Vicente Lousa Rodríguez puidera converterse en novo Superior da Residencia santiaguesa. Coido que este texto é especialmente significativo, a pesar do máis de medio século transcorrido desde que se escribiu, porque amosa nidiamente unha actitude contraria ou displicente respecto do uso da lingua galega. Algo que, polo que se ve, estaba moi presente nos tempos de Brandariz e que en certa medida sígueo a estar nos nosos días. Velaquí o texto:

«Se rumorea que en Santiago hay varios cambios este año [...] Me aseguran que va allí de Superior el P. Lousa [...] Temo que el público de Santiago encuentre 'tachas' en él si no va advertido y prevenido. Si se presenta y anda allí sin sotana no atraerá a la gente; sólo por esto, perderá enteros en la estimación pública del sector mejor y más fiel que asiste a los cultos en nuestra iglesia. Si sigue fomentando su tendencia galleguista, será otro obstáculo más para enajenar voluntades de los mejores, que ven muy mal ese proselitismo morboso, que si en

él no me parece exagerado, digo, extremado, animará a los que desde Vigo vienen a implantarlo en Santiago. Ya sé que no falta algún sujeto de los NN. que, ingenuo, juzga que se debe empuñar la bandera del galleguismo para 'sacralizarlo', no sea que, como antaño, lo acapare el izquierdismo. Esto parece muy peligroso. Conocedores de este asunto, naturales de esta Región, no ven en esto más que un servicio al izquierdismo sectario; pero desde dentro, como otros males que padece hoy la Iglesia. Parece que los Superiores no dan mayor importancia a este problema; pero nuestra Provincia que nunca tuvo 'separatismos' y hemos vivido en concordia, no hay duda que ese verdugo de la caridad y unión que San Ignacio quería en la Compañía entre sus hijos, y que hoy tanto atormenta a otras Provincias de España, será también la desgracia de la nuestra, si se deja crecer y tomar volumen esa tendencia. Todavía es tiempo de atajar el mal, a juicio de muchos, aun los nativos de esta tierra, que reprueban esas actuaciones separatistas y hasta 'la misa en gallego'. Si el nuevo Superior la mete en nuestra iglesia, se puede temer que será otra brecha para su ruina».

As sospeitas sobre o efectivo nomeamento de Lousa non ían descañadas e este desempeñaría o seu cargo na Residencia de Santiago desde o 10 de setembro de 1968 ata despois do verán do ano 1972¹.

Agora ben, no que respecta á actitude de Brandariz en relación coa propias responsabilidades na dirección do Colexio Maior e cos acontecementos que se desenvolven fóra del, mais que o afectan dunha ou doutra maneira, proxecta algo de luz a carta que lle remite o 10 de marzo de 1969 ó seu Superior Provincial. Aduzo seguidamente algúns parágrafos da mesma:

«El ambiente general dentro y fuera de casa es de tranquilidad y ello permite un clima de estudio serio y de orden. Influye en ello fundamentalmente el estado de excepción, con la desorganización o amedrentamiento de los grupos activistas, una cierta eficacia administrativa del nuevo equipo de gobierno de la Universidad (Rector - Secretario General - Decanos) que procura seriamente no dar ocasiones fáciles de protestas, y también el que los responsables oficiales de algunas actividades como el Deporte y el Teatro Universitario hayan podido echar a andar con cierto ritmo sus actividades, después de la paralización

1 Sobre o galleguismo de Lousa e sobre a súa amizade con Xaime Seixas remito á miña publicación *O Padre Seixas desde dentro. Unha aposta progresista, galleguista e universalista*. Vigo, Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos (SEPT) / Editorial Galaxia (Producción e Distribución), 2013.

del pasado curso, todo él volcado hacia la mentalización política de la masa por los grupos de presión marxistas y afines. Para la tranquilidad y bienestar dentro de casa han sido decisivos la purga de algunos veteranos difíciles o que se habían instalado ya en grupo demasiado cómodamente en el Colegio [...] Mi opinión personal, y así se lo manifesté a Lousa y a otros, es que B.² no tiene madera de líder ni creo lo quiere ser, ni intervino en promover huelga alguna, pero sí creo posible fuese imprudente en conversaciones ordinarias de pasillos por la Universidad, pues habla como en general lo hacen los jóvenes S. J., dando por hecho que todas estas estructuras en que nos movemos son injustas y anticristianas y sin duda le perjudicó el verse envuelto en aquella primera reunión ilegal. Pero todo ello no basta para justificar lo que con él han hecho. No ha sido un proceso a B. sino a los S.J. compostelanos que el curso pasado intervinieron activamente o se dejaron ir en la predicación. Este es el verdadero significado de todo a mi entender: un serio aviso a los S.J. Lo cierto es que se creó mal ambiente contra nosotros en la ciudad: unos se alegraban de que nos echaran mano, otros lo lamentaban, pero de que hubiésemos dado motivo... y los que podrían apoyarnos no aparecieron. Sólo un grupo de sus condiscípulos y condiscípulas mostraron su adhesión viniendo a verle; pero tampoco advertí que apuntase en torno aureola martirial. En conjunto no creo que haya sido episodio positivo, aunque sí se consiguió frenar a algunos S. J. ¡Me hace gracia lo prudentes y derechistas que se han vuelto algunos! Veremos si continúan así al cambiar las circunstancias».

Tal como nestes algo extensos (mais clarificadores) parágrafos se dá suficientemente a entender, Brandariz tenta amosarse neles en principio, en coherencia fáctica co cargo que representa, como persoa de orde, de equilibrio e de prudencia ante unha realidade política e social que —segundo el pensaría— non é doado cambiar de un día para outro. Intentando así, xa que logo, realizar desde o seu cargo un nada doado equilibrio entre esquerdistas e dereitistas, á espera de mellores tempos. De aquí que, alén do seu informe ó Provincial, non deixe el de acubillar (dunha ou outra forma) por esa mesma época as súas simpatías co fracaso das revoltas estudantis por exemplo nunha folla que se atopa entre a súa documentación. Nela aparecen, en primeiro lugar, mecanografado e baixo a epígrafe de «Canciones de 'mayo'. 1969. A Cea. Por Vicente» os seguintes versos:

2 B. é a inicial do nome dun estudante xesuíta, daquela na Facultade de Filosofía y Letras da Universidade de Santiago.

«Os hipócritas ceaban, / o diñeiro repartían; / suas cruces pesaban pouco, / eran de ouro e de liño. / Con fusiles disparaban, / os hipócritas sumisos, / os hipócritas ceaban, / agno, pan, e mel, e viño. / E ningún os detiña, / ceaban impunemente / coa conciencia tranquila / e a fronte despexada. / Os hipócritas ceaban / co diñeiro roubado, / as suas copas axuntábanse / namentras Cristo morría. / Enchían suas copas frias, / e seus fusiles erguíanse, / os hipócritas ceaban / agno, pan e mel e viño».

Pois ben, seguidamente, e na mesma folla, anota significativamente Brandariz a man (non figura nela o seu nome, mais a letra é claramente a súa): «Lo tenían en la iglesia por la noche como apéndice de lo de mayo. Esperaban llenar la iglesia de contestatarios estudiantes, y a pesar de las guitarras y las minifaldas por presbiterio y ambones, y a pesar de dirigirlo el superior L. y M., de su confianza, fue un fracaso; la gente rehuía el acto, por subversivo y arreligioso. Pasado mayo: M. y C. I. en el comedor se rebelaron un día contra L. por el fracaso»...

De todos modos, Brandariz non deixa de distinguir (neses tempos especialmente axitados nos que lle tocou vivir) entre o que pode ser considerado máis estritamente político e o meramente cultural. Así ocorre, por exemplo, en relación con acontecementos de tipo relixioso ou estritamente educativo.

Por exemplo, entre as actividades do curso 1968-69 da que hai constancia aparece o anuncio da «Misa colegial en lengua gallega» para as 12'00 horas do domingo 2 de marzo de 1969 co gallo da imposición das Becas Colexiais, á que seguiría o acto, presidido polo Reitor da Universidade, da mencionada imposición das becas, etc.

Así mesmo, xa no curso 1969-70, figurará entre as Comisións organizadoras de actividades a desenvolver ó longo dese curso no Colexio Maior unha denominada «Círculo de Estudios Gallegos», na que figuran os nomes de Ermelindo Portela Silva, Juan Santamaría Conde e Joaquín Méndez Anta. De feito hai constancia do anuncio de dúas conferencias do segundo (Xohán Santamaría Conde, da Facultade de Económicas): unha para o 4 de febreiro de 1970 co título de «O renacemento pleno da literatura galega. Rosalía - Pondal - Curros» e outra para o 14 de abril dese mesmo ano co título de «Os irmandiños. A revolución galega do século XV». Nun previo anuncio mecanografado o título desta mesma conferencia era algo diferente: «A revolución comunal galega do século XV». Por outra parte, figura no anuncio das «Actividades Culturales y Artísticas» deste curso unha «Clase de idioma gallego» para o luns 2 de

marzo, ás 9'00 da noite. E como remate das actividades de tipo cultural ou relixioso deste curso 1969-70 no Colexio Maior, terá lugar a despedida dos licenciados no domingo, 24 de maio de 1970, cunha «Misa colegial en lingua gallega» ás 12'00. Téñase en conta a este respecto o que xa Díaz de Rábago deixou indicado (en *Memorias...*, p. 167): «Durante sus últimos años como Director, se había comprometido a tener la Misa Colegial de los domingos en lengua gallega».

Ó meu ver será, porén, a primeira vez que aparece o anuncio dun acontecemento (por máis que sexa do xénero festivo) redactado todo el en lingua galega no Colexio Maior de Brandariz este que a continuación reproduce (con fidelidade textual) e que se corresponde co final do curso 1970-71: «Romaría Galega no Colexio Maior 'S. Agustín'. Danzas e foliadas polos 'Grupo de danzas Sección Femenina' e Grupo de Gaiteiros 'Raparigos'. 'Racha dos petos' e atraccións de feira. Xantar enxebre. Queimada. Globos e foguetería. 7 do serán. Patio Central. 15 maio 1971. Sábado. Santiago de Compostela».

O curso seguinte (1971-72) será xa o derradeiro no que Brandariz estará á fronte do Colexio Maior, dado que desde o comezo do curso 1972-73 o Colexio Maior será xa dirixido polo seu sucesor J. M.^a Díaz de Rábago, que desde o curso 1970-71 exercía xa nel como capelán do mesmo. Brandariz despediríase oficialmente do seu cargo o 25 de outubro de 1972, coincidindo co acto do comezo das actividades colexiais do novo curso, cunha conferencia co título de «Diego Gelmírez y su tiempo. Ensayo de síntesis», impartida por el no Colexio Mayor ás 8'00 da tarde dese día. Trala conferencia procederíase á «Lectura del Acta y Ofrecimiento del Homenaje del Colegio a su Ex-Director (1954-1972)». O acto foi presidido polo Reitor da Universidade, José Ramón Masaguer Fernández, acompañado polo bispo José Cerviño e o alcalde Francisco López Carballo.

Remata así Brandariz unha longa etapa da súa vida, na que a directa xestión e atención dun centro estudantil universitario ocuparon intensamente o seu quefacer diario. Agora, aínda que xa en provecta idade, poderá dedicarse con algo máis de sosego a clarificar e a expandir o seu saber e as súas experiencias de Galicia. Dar a coñecer a historia de Galicia será unha das súas ocupacións preferidas. En relación con esta súa tarefa están os seus folletos impresos (a modo de programas), o primeiro relacionado con Gelmírez (oito páxinas) e outro posterior (sete páxinas) sobre a «Historia de Galicia» en xeral. O primeiro sería desenvolvido por el no ámbito do mesmo Colexio Maior «San Agustín» durante

o curso 1974-75 en dez sesións durante os meses de marzo, abril e maio de 1975 como «Seminario de Historia de Galicia», sendo tema central do mesmo «Diego Gelmírez y su tiempo. Estudio del Siglo de Oro de la Galicia medieval». O segundo abrangue unha ampla historia de Galicia, analizada por el en trinta capítulos, correspondentes ás idades antiga, medieval, moderna e contemporánea de Galicia ata comezos dos anos oitenta co Estatuto de Galicia. Indícase no programa, polo demais, que diversos temas do mesmo foran desenvolvidos por el tanto no Colexio Mayor «San Agustín» coma nos colexios do «Apóstolo Santiago» de Vigo e de «Santa María del Mar» de A Coruña. Precisamente en relación con esta actividade de Brandariz no mencionado colexio vigués indicaba Evaristo Rivera o 24 de marzo de 1999, no seu inédito *No funeral do P. Brandariz*, co gallo do pasamento de Brandariz:

«Máis adiante, cando houbo liberdade para iso, Brandariz, coa súa sabenza e erudición, preparou un completo programa de *Historia de Galicia*, destinado ós mozos de Bacharelato. Era seguramente a primeira experiencia que se facía nesta terra despois de moitos anos. E este Colexio de Vigo foi o pioneiro en aproveitarse daquela programación, porque Brandariz achegouse desde Santiago a dirixila nun tempo en que eran moi poucos os que sospeitaban que Galicia tivera unha Historia de seu».

En relación co isto mesmo (o realizado por Brandariz cos estudantes vigueses) afirmará aínda E. Rivera dous anos despois: «Nunca antes nadie había hecho nada semejante» (*Memorias...*, 10).

Pois ben, como necesario contexto para entender un amplo e relevante escrito que Brandariz dirixirá ó seu Provincial Ángel Tejerina sobre a problemática de Galicia, aludo agora concisamente á celebración da Congregación Provincial da xesuítica provincia de León (na que entón estaba incluída Galicia) na cidade de León, sendo provincial o mencionado Ángel Tejerina (xa ó final do seu mandato). Tal reunión celebrouse en León no mes de abril de 1978. A problemática do país galego, da súa cultura, lingua, etc. non podía obviamente —dadas as circunstancias sociais e políticas do momento— estar ausente dela, como así efectivamente ocorreu a través dos correspondentes postulados a discutir e decidir polos reunidos. Nun resumo mecanografado, con adicións manuscritas, do alí discutido e decidido a este respecto (depositado no mencionado «Arquivo Histórico da Compañía de Xesús en Galicia» de Vigo) pódese ler o seguinte:

«Los postulados que fueron aceptados por la Comisión pero rechazados por la Congregación pedían lo siguiente:

‘... que se constituya la región de Galicia en una Provincia o Viceprovincia independiente’. [...]

‘... se pide al P. General:

1.º que fomenten en todos los jesuitas que trabajan en Galicia o se destinen a sus obras, sean o no naturales de la región, el empeño por asimilar en lo posible y adaptarse a la realidad humana, cultural, lingüística y social del país en los diversos ambientes que deban evangelizar.

2.º que para fomentar la coordinación de las obras y personas de la Compañía entre sí, con la pastoral de conjunto de Galicia y con el proyecto general de la Provincia de León, se designe un Coordinador o Delegado».

En relación con estos dos puntos (1.º e 2.º), o punto 1.º recibiu 24 votos positivos e 8 negativos, mentres que o 2.º recibiu 19 positivos e 17 negativos. Considerados, porén, conxuntamente os puntos 1.º e 2.º coma un único postulado, recibiu 20 votos positivos e 21 negativos.

Cara ó final deste mesmo resumo mecanografiado sobre o desenvolvemento da mencionada Congregación Provincial indicárase aínda o seguinte:

«La Congregación se desarrolló en un clima pacífico y espiritual. Como notas características de ella cabe señalar el estudio de los puntos relacionados con la evaluación de los Sectores de Educación y Pastoral y el examen del hecho regional, especialmente el gallego [...] Por lo que hace al hecho regional, el amplio intercambio de pareceres puso de relieve que la ‘regionalidad’, especialmente en Galicia, tiene gran peso específico y ha de tenerse muy en cuenta ante cualquier planificación futura».

Unha vez feita alusión a este resumo, resulta iluminador, de modo especial en relación co modo de pensar de Brandariz sobre a problemática de Galicia nos anos posteriores ás súas responsabilidades na dirección do seu Colexio Mayor, o extenso escrito epistolar de seis folios (en Caixa 305 do aludido «Arquivo Histórico da Compañía de Xesús en Galicia») que lle dirixe ó Provincial leonés Á. Tejerina o 14 de abril de 1978, é dicir, pouco despois de a aludida Congregación Provincial rematar e antes de Tejerina ser substituído polo seu sucesor no cargo só unha semana despois, o 22 dese mesmo mes de abril. Aducirei aquí os parágrafos que considero máis pertinentes, tendo en conta en calquera caso que Brandariz estivera presente como congregado na aludida reunión xesuítica xunto co seu Provincial, ó que agora lle dirixe o seu escrito.

En primeiro lugar, o remitente comentará ó Provincial que o postulado a prol da toma en consideración da realidade galega quedaría en realidade aprobado se o Provincial co seu voto de calidade tivera optado simplemente pola abstención, no canto de votar en contra: «el postulado —coméntalle Brandariz— saldría adelante si no lo hubiese echado a pique su doble y último voto [...] Nadie le pedía un voto afirmativo, sobre todo si personalmente no lo veía claro, pero ¡qué bien hubiera quedado ante todos con una abstención». De modo que, tal como de feito se desenvolveron as cousas, a Brandariz lle «parecía —segundo lle comenta— que la Provincia no estaba aún sensibilizada para responder a la problemática actual de Galicia y que el provincial con su voto ratificaba ostensiblemente antiguas posturas de ‘política interna’ que se hace difícil reconocer hoy como válidas». En calquera caso, Brandariz afirma:

«Gústenos o no, las realidades socioculturales se nos imponen por sí mismas. Y la realidad es que hoy Galicia va sensibilizándose rápidamente ante su propia identidad como pueblo y acentuando las diferencias respecto a otras tierras españolas. No todo en esto es sincero y hay su porcentaje de oportunismo. Pero no creo que a la larga sean capaces de frenar el fenómeno ni el afianzamiento en el ‘statu quo’ existente, de las capas maduras de la burguesía instalada, ni la característica resistencia campesina a las innovaciones».

Como «índices» deste cambio aludiré Brandariz a cinco puntos ou capítulos nos que o dito se visualiza ou concreta dalgún modo: 1.- A nova conciencia de galeguidade. 2.- Bilingüismo e diglosia. 3.- Reproches á Igrexa como instrumento de «colonización cultural» de Galicia. 4.- Manipulación política do galeguismo. 5.- Nova conciencia da Igrexa Galega a nivel de base. Concilio Galego.

Ó meu ver, son as reflexiónes que Brandariz pon por escrito nesta súa carta ó Provincial Tejerina moi clarificadoras para coñecer o seu modo de ver a súa particular relación coa lingua e cultura galegas (e tamén coa española ou castelá). De aquí que non me doia reproducilas aquí (dado que se trata dun inédito) de maneira algo extensa.

Respecto do punto 1 (*Conciencia de galeguidade*) Brandariz realizará os seguintes comentarios:

«Siempre viva y actuante en minorías cultas y en la Galicia ultramarina de la emigración, hoy se hace mayoritaria entre la juventud y se

presenta a veces como signo de ruptura generacional. A los jóvenes les duele el 'vacío de Galicia' en que se les formó en Centros oficiales y de la Iglesia [as cursivas son miñas]. Grupos 'culturales' y políticos marxistas, sobre todo, se apresuran a llenarlo con tópicos, distorsiones de la historia y muchos análisis socio-económicos fuertemente ideologizados. Todos los males empiezan, por supuesto, en la 'doma y castración de Galicia' por los Reyes Católicos y continúan, bajo Austrias y Borbones, con la marginación y 'asoballamento' y la intensa colonización castellanizante, que acaba por producir un extraño complejo de 'frustración nacional' en el pueblo gallego y, tras casi un siglo de lento renacimiento, la actual actitud de rebeldía de los sectores radicalizados. Esta interpretación del pasado de Galicia es parcial y en algunos aspectos injusta, pero hay que reconocer que, desgraciadamente, lleva una fuerte carga de objetividad.

Sigue siendo patente que la gran mayoría de los gallegos nos sentimos españoles cordial y sinceramente y rehuimos por instinto cualquier veleidad secesionista (diferencia radical con el problema vasco). Pero amamos a España a través de nuestro amor a Galicia y sería suicida no estar atentos a la nueva conciencia que surge y creer que Galicia podrá vivir en el futuro como 'inclusera' en la historia y en la cultura de España y ser vista siempre desde fuera de sí misma [as cursivas son miñas].

Respecto do punto 2 (*Bilingüismo e diglosia*) é el ben consciente da implícita ou agachada asociación entre o uso da lingua galega e a pertenza social dos que a utilizan, cando indica:

«El problema está en nuestro hecho diglósico. Los dos idiomas de Galicia no diferencian etnias, sino clases sociales y estructuras de cultura y poder. Hablan castellano: autoridades, funcionarios, burgueses, profesionales, promocionados, y gallego: campesinos, marineros, obreros, incultos. El uso del gallego y la corrección o incorrección en el castellano son carnet de identidad de clase social, que perdura a veces aun en los que se promocionan. A más de un nuevo rico le ha traicionado una 'jeada'. El 'pobre' con su gallego o su mal castellano se acompleja ante el 'señorito' o el funcionario foráneo, que 'habla bien'. Y ya tenemos al bilingüismo incrustado en la lucha de clases. Desde hace unos años el gallego salta a cada paso a las columnas del diario y al panfleto callejero como única lengua de la protesta social y de la agitación política proletaria. Por otra parte la nueva conciencia de galleguidad incluye en todos la lengua como elemento esencial, y el joven universitario burgués lamenta la incomodidad que experimenta al hablar o escribir en un gallego que sienten como suyo, pero que nadie jamás le ha enseñado en el cuadro, exclu-

sivamente castellanizante, de los estudios oficiales. Hecho sintomático: todo movimiento de inquietud social, política o religiosa, hoy en Galicia, utiliza exclusivamente la lengua gallega. En gallego son las asambleas de universitarios y sus reclamaciones al Rector o Decano».

Estamos así ante a visión de Brandariz respecto do papel «colonizador» da Igrexa en Galicia (punto 3), sobre o que el se expresa deste xeito:

«Pocas regiones españolas están tan marcadas en su historia por la presencia de la Iglesia como Galicia [...] Hoy críticos eclesiásticos galleguistas hacen afirmaciones como estas: 'la iglesia gallega no asumió jamás el ideal galleguista en su teología ni en su praxis pastoral'. Y piensan en el gran poder desgaleguizador de la reforma monástica que sometió a los monasterios gallegos a S. Benito de Valladolid, a donde iban rentas e de donde venían abades; en el de los obispos foráneos con sus equipos de gobierno y parientes; en el de las órdenes mendicantes, con organismos centrales y formativos fuera de Galicia, que se veía como tierra lejana, marginada y 'misional'. Apéndice jurídico 'perteneciente' a una provincia foránea. No perdonan los 'nacionalistas' cristianos que sea el pueblo gallego el único del mundo que no reza el Padre Nuestro en su propia lengua sino que ha de mascullarlo trabajosamente en la lengua en que se lo enseñaron.

En todo ello hay una mezcla de verdades y exageraciones, de culpas ajenas y propias, que es preciso esclarecer y matizar; pero con dificultad podrán exculparse las estructuras eclesiales gallegas de serias responsabilidades en el proceso de desgaleguización de nuestro pueblo. Lo cual para unos será laudable labor de inculturación española en beneficio de la unidad nacional y para otros desprecio e incompreensión de lo autóctono y evangelización desviada que exige una enérgica marcha atrás».

Deixando de lado o relativamente curto comentario que fai Brandariz sobre o punto 4 («Manipulación política do galeguismo»), só indicarei moi brevemente en relación co seu último punto 5 («Nova conciencia da Igrexa Galega») que Brandariz se amosa moi en liña con esta nova actitude, comentando concretamente ó respecto: «me parece todo un signo el que, de la manera más espontánea y unánime, vean como exigencia del evangelio toda la encarnación en el pueblo gallego y toda la inculturación gallega».

En definitiva, Brandariz pon suficientemente de relevo no amplo escrito dirixido ó seu Provincial a especial estrutura e contextura dun país como Galicia que, en consecuencia, non pode ser ollado en simple

continuidade coas rexións coas que naquel entón formaba parte constituíndo xunto con elas a denominada provincia xesuítica de León. No seu escrito referírase en tal sentido a Galicia como «una parte concreta de nuestra provincia con problemas muy específicos», o que leva consigo a «exigencia de una realidad gallega no homologable con la de las otras dos regiones naturales de la Provincia». Por iso, e a modo de resumo, dirá el ó final do seu escrito o seguinte: «He intentado presentar algunos hechos [...] que a mi juicio hacen de Galicia una parte de nuestra provincia con problemática muy específica, que la Provincia creo debería conocer e iluminar, y no precisamente silenciar».

Enténdese ben así o que Evaristo Rivera comentaría unha vintena de anos despois no seu máis arriba mencionado *No funeral do P. Brandariz* respecto da actividade de Brandariz en relación con esta problemática: «A escasa inculturación galega da Compañía de Xesús era outra teima que preocupaba dabondo a Brandariz e motivouno para artellar e dirixir con coraxe e con respecto unhas xuntanzas con moitos compañeiros para tratar o problema e tentar buscarlle solucións. As cousas ficaron como estaban, pero alomenos algúns comprenderon que Galicia debería ser algo máis que o recanto fisterrán dun territorio relixioso».

Se a ampla carta ó seu Provincial tiña data do mes de abril de 1978, outra ocasión semellante (para espallar as súas ideas sobre Galicia nun foro máis amplo) se lle ofrecerá a Brandariz case xustamente once anos despois (25 de abril de 1989) co gallo da solemne celebración no Salón Noble de Fonseca dos 25 anos do Colexio Maior «San Agustín» e tamén, simultaneamente, dos 50 anos da predecesora Residencia Universitaria «Apóstol Santiago» convertida logo oficialmente no mencionado Colexio Maior. Estaban presentes no acto o reitor da universidade, Carlos Pajares, o Delegado do Goberno, arcebispo, etc., ademais do P. Xeral dos xesuítas Peter Hans Kolvenbach (que falaría aínda algo ó final do acto). A fermosa e vibrante intervención de Brandariz (que abrangue catro folios) vai rematar cos seguintes parágrafos en galego (agás as tres liñas finais), que poñen ben claramente de relevo a súa visión de Galicia, en consonancia con outras manifestacións súas sobre as que xa estamos suficientemente informados. Velaquí o seu texto:

«E agora permitídemme rematar as miñas verbas, facendo, na intimidade da nosa fala, unha confesión persoal.

Na miña longa labourea compostelá, tiven sempre unha arela: sementar nos homes novos que viñan a S. Agostiño un senso de agarimo e res-

ponsabilidade encol da Nosa Terra. E, de contado, coñecela. Decatarse de como foi onte e de como é hoxe, pra erguela forte e nova. Algúns podedes lembrar as longas lerias nocturnas no 'Abrente' ou as viaxes domingueiras por castelos, miradoiros e mosteiros.

Cando nos ensinaban historia ós galegos no meu tempo mozo, endexámais nos falaban de Galicia. Galicia parecía non ter historia. Os galegos parecíamos fillos de ninguén e de ningures. Este baldeiro cultural fíxome ben cedo afondar no noso onte e jatopei a historia de Galicia! No esforzo de descubrila e vivila tiven agarimosos momentos de inesquecibel ledicia. E outros de mágoa. Magoábame o noso ancestral minifundismo social que encheu de milleiros de castros defensivos a nosa protohistoria e de ducias e ducias de xurisdicións as vilas e aldeas do noso tempo feudal, deixando na nosa Terra sementeira de cativos localismos.

Magoábame tamén que cando toda Europa viña ó noso Fisterre, enchendo os camiños xacobeos co dinamismo do seu continuo bulir, Galicia ficaba queda, pechada en si mesma, como se aqueles camiños serviran sómentes pra os de fóra.

Nos meus soños maxinaba unha Galicia ceibe de cativos individualismos e forte na concencia da súa propia identidade. Unha Galicia dinámica camiñando con decisión fóra do seu currunchito xeográfico e histórico, pra vencellarse con forte persoalidade, ceibe de colonialismos, no feixe de pobos irmáns que ergueran esa grande realidade histórica que chamamos España. E maxinaba vela saír máis lonxe, polos camiños xacobeos, deica os seus mesmos arranques, pra construír a Europa dos tempos novos, como remedo superado daquela vella Cristiandade que, co seu andar, foi facendo os vellos camiños pra chegar deica nós. E sementando, sementando ó longo dos anos ¿non podería agromar na Terra-Santuario de Compostela e no noso pequeno recanto de S. Agostiño algúns galegos capaces de facer realidade algún día os meus soños? Perdonadme, Señores, si he desbordado el tono académico que parecía exigir la solemnidad de este acto. Me he tomado la libertad de expresar en voz alta mis propios sentimientos. Tomadlo como muestra de la cordial confianza que me inspiráis. He dicho».

No que se refire á liberación que se foi realizando paseniñamente no interior do propio Brandariz pra el chegar a utilizar a lingua galega en ámbitos que lle eran tradicionalmente vetados, hai que decatarse de que antes de el entrar, ben mozo aínda, como novizo en Salamanca, levaba xa no interior de si mesmo asociado o uso da lingua galega ás clases baixas ou pobres de Galicia. Esa vivencia recibiría porén un

claro choque anímico ou un desmentido cando observe, por exemplo, sorprendido, que en terras salmantinas «los campesinos que trabajan en la trilla hablan en castellano como los señoritos» (Cf. *Memorias...*, 144)... Deducirá directa e loxicamente dese feito que o *digno* ou ben asentado uso ou non-uso dunha determinada lingua está asociado en realidade a factores extralingüísticos, é dicir, de tipo social e político. Brandariz percibiuno ben cando nas súas mencionadas *Memorias* fala da «extraña situación cultural y lingüística de Galicia en aquellos lejanos 'Años de Paz' en torno al 1965» (p. 117) que el describe así:

«Culturalmente existían dos Galicias con dos lenguas hermanas, pero distintas, que no separaban etnias ni impedían la fácil inteligencia mutua pero separaban radicalmente a los gallegos por nivel de cultura y nivel social.

El castellano era el idioma único, no solo en lo político y administrativo, sino en todos los niveles de la enseñanza, en todos los medios informativos, en todas las actuaciones públicas y hasta en las predicaciones del templo. Parecía ser considerado como el único idioma serio, culto y español. En él se expresaban siempre los miembros de la burguesía, los profesionales con estudios, toda la clase media-alta y zonas intermedias en ciudades y villas. El gallego, considerado no pocas [veces] como 'dialecto popular', continuaba siendo sin embargo la lengua mayoritaria de Galicia, heredada familiarmente, aunque nunca estudiada por los campesinos del amplio rural, los pescadores de las costas, los obreros de villa y ciudades, el numeroso personal de servicios y los emigrantes» (*Memorias...*, 117, 119).

Anos despois viviría o propio Brandariz directas e instrutivas experiencias desta anómala situación da lingua galega en Galicia que lle producirían moita impresión, tal como nolo recorda Evaristo Rivera no seu «A modo de introducción» ás citadas *Memorias* de Brandariz cando indica:

«A pesar de no poderlo practicar [o idioma galego] durante mucho tiempo, no se olvidó nunca de él y perfeccionó y multiplicó su empleo en cuanto las circunstancias lo hicieron posible. Muchos le oímos contar muchas veces la anécdota de aquella Misa en gallego que subió a celebrar al precioso pueblecito de Toba en los años postconciliares. Le impresionó mucho la reacción admirada de los vecinos, al sentir hablar dentro de la iglesia el mismo lenguaje que hablaban constantemente cuando salían de ella» (*Memorias...*, 10).

Non é por iso nada estraño que o propio X. Alonso Montero chegase a percibir en Brandariz esta súa conciencia «sociolingüística» da situación da lingua galega no seu propio país de orixe cando, referíndose a un encontro con el nunha conferencia sobre Castelao desenvolvida por Alonso Montero no Colexio Maior «San Agustín» no curso 1974-75, comentaba nun seu posterior artigo que leva como título «O padre Brandariz e Castelao» (en «La Voz de Galicia», domingo 28 de marzo de 1993; ver tamén *Memorias...*, 167-168) o seguinte:

«Na conversa [con Brandariz] souben que o padre Brandariz dicía, os domingos, unha misa en galego, liturxia —aclaraba el— non exenta de riscos. Non estaba alleo o padre Brandariz ó feito de que o idioma galego era, para moitos fregueses, un idioma inzado de connotacións rústicas, connotacións que podían, nalgúns casos, embaza-la seriedade ou sacralidade da mensaxe. De aí que o padre Brandariz, minutos antes de pronunciar en galego a homilía, lese na sacristía, en voz baixa, dúas ou tres breves 'cousas' do gran libro de Castelao, convencido de que esa lectura ía condicionar, positivamente, o xeito e os modos da súa homilía. En efecto, xa no púlpito, as páxinas devotamente lidas de Castelao, transferían á insólita homilía un certo aire literario, unha certa fisonomía culta, un certo recendo de prosa coidada, escolleita. Sometido o 'dialecto vulgar' a esta 'artistización', os fregueses —xente ben de misa de unha— admitían a homilía en galego. Sei que algúns, ademais de admitírenla, disfrutaban coas palabras do orixinal predicador. Estou convencido de que o padre Brandariz posuía a intuición dos grandes sociolingüistas».

Unha vez dito isto, e xa para rematar, cómpre indicar tamén (aínda que algo sobre isto xa llo temos escoitado ó propio Brandariz) que a súa relación afectiva e mental con Galicia non se desenvolveu endexamais á marxe ou, moito menos, en contra da súa relación co que entendemos por España. É dicir, galeguidade e españolidade non son nel termos contrapostos, senón que están mutua e internamente conectados. Son diversos os factores biográficos (nos que non é preciso neste momento entrar con máis detención) os que contribuíron a esta ausencia de conflictividade explícita, a pesar da súa crecente crítica, a diversos niveis, á dependencia galega, sobre todo —tal como quedou comentado— a nivel interno, xesuítico, no que se refire ó modo de presenza de Galicia no seo dunha estrutura «provincial» na que non semellaban ser suficientemente atendidos os —digamos— «intereses» galegos. Brandariz

confesará, así pois, sobre si mesmo que «vivio sempre con naturalidad sincero españolismo y galleguidad profunda» (*Memorias...*, 117). Tal como comentaba E. Rivera no seu (xa anteriormente citado) *No funeral do P. Brandariz*, Brandariz «foi un profundo galego de espírito universal». Seguramente foi este seu «espírito», este seu modo de ver o mundo, o que non o levou á confrontación. En tal sentido, no seu «A modo de introducción» (en *Memorias...*, 9-10), indicará igualmente E. Rivera o seguinte:

«Acerca de España poseía una concepción unitaria y dentro de ella se confesaba prudentemente españolista. Conocía aceptablemente bien su historia, en especial la de la época romana y medieval, pues a ello de condujeron el estudio del problema jacobino y el de los orígenes históricos de Galicia [...] Consecuente con su visión de España, no fue nunca un gallego nacionalista, por tímido y suave que resultó siempre el nacionalismo gallego. Brandariz conocía y amaba intensamente a su tierra sin ninguna etiqueta añadida. En ese sentido, se aproximaba mucho más al sentido regionalista de Alfredo Brañas y de algunos políticos actuales que a los planteamientos más evolucionados y realistas de Castelao y sus seguidores».

O propio Brandariz chegaría a manifestar incluso que o seu amor a España procedía do seu fondo amor a Galicia. Así, polo menos, o deixa entender José M.^a Díaz de Rábago nas súas «Notas Aclaratorias» (en *Memorias...*, p. 168) cando nelas indica que «a los universitarios les impresionaba oírle afirmar tajante y convincente que él, precisamente porque se sentía gallego y amaba a Galicia, se sentía profundamente español y amaba con pasión a España».

Una secularidad inclusiva. Lectura de la filosofía de Charles Taylor

Juan GONZÁLEZ-REDONDO NEIRA
Instituto Teológico Compostelano

RESUMEN: El encaje de la religión en la sociedad secular continúa siendo un tema debatido en la filosofía del derecho, y plantea cuestiones relacionadas con los fundamentos de la democracia. Este trabajo pretende introducirse en la cuestión de la mano del pensamiento de Charles Taylor, quien propone una revisión de la secularidad, y que mantuvo un interesante debate con uno de los más destacados filósofos políticos contemporáneos, Jürgen Habermas. Ambos autores, desde planteamientos en origen muy diferentes, llegan a un consenso en varios aspectos de la gestión del pluralismo y de la aportación de la religión en la esfera pública.

INTRODUCCIÓN

La configuración de una sociedad secular, que pueda acoger la diferencia, ha sido en el pasado un proceso complejo y lleno de dificultades, y que continúa planteando hoy en día cuestiones que son motivo de controversia, y a las cuales el derecho debe dar respuesta. Por ello plantearse el sentido de la secularidad en el actual contexto de las democracias liberales continúa teniendo un gran interés. Es también